

Expte: 2334/232
Ret: 23 Feb 2024

Área de RRHH
e Formación

Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

CONCELLO
DE VIGO

ACTA Nº 7 (Exp. 41450/220)

TRIBUNAL CUALIFICADOR ENCARGADO DE PROVER 3 PRAZAS EN RÉXIME LABORAL POR QUENDA LIBRE. UNHA DELAS RESERVADA PARA DISCAPACITADOS/AS, DE OFICIAL DE MANTEMENTO, EQUIPARADA AO SUBGRUPO C2 PARA OS EFECTOS DE TITULACIÓN, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2017-2018-2019 (3ª FASE DA CONVOCATORIA)

En Vigo, ás 09:00 horas do día 30 de novembro de 2023, réunese no despacho da Xefatura de Servizo de Seguridade, sito no 1º soto da Casa Consistorial, o órgano de selección designado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2023 para o proceso selectivo mediante oposición libre de tres prazas en réxime laboral de **OFICIAL DE MANTEMENTO** correspondente á 3ª fase da oferta pública de emprego 2017-2018-2019, para resolver as reclamacións presentadas ás puntuacións asignadas aos exercicios prácticos realizados o pasado 20 de novembro.

O órgano de selección queda constituído coa asistencia dos seguintes membros:

- D. Rubén Peña Barceló**, na condición de Presidente titular do órgano de selección.
- Dª. Rosa Ana Garcinuño Barreiro**, Secretaria titular do órgano, actuando con voz e sen voto.
- D. Perfecto Riveiro Barbosa**, na condición de vogal titular 2º.
- D. Javier Figueroa Castro**, na condición de vogal titular 3º.

Pola Presidencia procédese á apertura da sesión.

A Secretaria informa que o 24 de novembro de 2023 publicouse, a través da web municipal e do taboleiro de edictos, o anuncio coas puntuacións do exercicio 2º, de carácter práctico, concedéndose un prazo de tres (3) días hábiles para a presentación de reclamacións en relación coa puntuación asignada aos/ás aspirantes, contado a partir do día seguinte ao da data da súa publicación. Durante o prazo outorgado, presentouse tan só 1 reclamación en data 27/11/2023, con documento nº 23037671, por parte de Don Victor González Cortegoso, co DNI **61290**.

A Secretaria achega informe sobre a mesma indicando que está presentada dentro do prazo outorgado e que o contido da mesma é puramente técnico.

O Presidente procede á lectura da reclamación.

En síntese, o Sr. González basea a reclamación en dúas cuestións:

1. Solicita con relación á primeira tarefa ou proba, tal é a colocación dun pomo nunha porta, que *“la colocación del picaporte no tenga un sentido correcto asignado y que las únicas dos opciones de colocación, ya sea hacia el interior o hacia el exterior, sean consideradas como correctas”*. Considera que os dous sentidos de colocación do picaporte son correctos e que o criterio de corrección “1.A” debe ser corrixido, ben sumando 0,5 puntos aos aspirantes que tiñan colocado o picaporte noutro sentido e mantendo a mesma puntuación aos que o tiñan colocado no sentido que o tribunal deu por correcto ou ben, sendo anulado este criterio de corrección “A” para todos os aspirantes, restando 0,5 puntos aos que se lles outorgou puntuación por este concepto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/02/2024 13:45	Páxina 1 de 4
41450-220	CSV: A9A345-B3BHDF-8DBD2C-1HF5YE-3VYVMC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Solicita con relación á terceira tarefa ou proba, bomba eléctrica, que se proceda á anulación do criterio de corrección “3.C”, tal é a valoración da execución do traballo sen conexión eléctrica con 0,5 puntos.

Para fundamentar dita solicitude o Sr. González manifesta que “(...) 1- Sobre la mesa se presentaba un tablero con un cuadro eléctrico con las protecciones subidas, el cual se observaba que estaba sin conexión eléctrica ya que en la entrada de la primera protección se observaba que estaba siendo alimentada por una manguera desenchufada en el otro extremo. 2- Para asegurarme de que no tenía conexión eléctrica pulsé el botón de test del diferencial y al no bajarse este automáticamente, no tenía conexión eléctrica evidentemente. Al encontrarme con esta situación considere innecesario y sin utilidad el echo de bajar las protecciones ya que evidentemente ese cuadro no tenía conexión eléctrica. Una vez finalizado el examen y durante la evaluación se me dijo que tenía que suponer que eso es una instalación real y que se encontraba con conexión eléctrica. Al inicio del examen en ningún momento se dijo que nos teníamos que suponer o imaginar algo así, simplemente uno actúa según lo que se le está presentando delante con unas características dadas. Evidentemente nadie en su sano juicio en una instalación real trabajaría con las protecciones subidas en parte de la instalación eléctrica aguas abajo sabiendo que a las protecciones les llega corriente eléctrica. Cuando se trabaja con conexión eléctrica el primer paso siempre es desconectar ésta, bajando las protecciones pero en este caso trabajando con un tablero de muestra y sin corriente no se daba el caso”.

O órgano de selección, de xeito motivado, con relación ao criterio de corrección “A” da primeira tarefa ou proba, “colocar o pomo no sentido correcto”, acorda:

Estimar parcialmente neste concreto aspecto a reclamación presentada por Don Victor González Cortegoso por canto para a realización da proba usouse o pomo de pechadura marca Tesa, modelo 350060/70 CM. Considerando que o tribunal non especificou se a porta abre cara o exterior ou interior do habitáculo, e como o modelo de picaporte utilizado é reversible podendo ser colocado en ámbolos dous sentidos, o criterio de corrección “A” debe ser corrixido, considerando ámbolos sentidos de colocación correctos, mantendo a mesma puntuación aos aspirantes que o tiñan colocado no sentido que o tribunal deu por correcto en principio na sesión de data 20/11/2023 e sumando 0,5 puntos aos aspirantes que tiñan colocado o picaporte noutro sentido.

O órgano de selección, de xeito motivado, con relación ao criterio de corrección “C” da terceira tarefa ou proba, “execución do traballo sen conexión eléctrica”, acorda:

Desestimar parcialmente neste aspecto a reclamación presentada por Don Victor González Cortegoso por canto aínda que o Sr. González tivese comprobado previamente á execución do seu traballo que o aparato estaba desenchufado da rede eléctrica, debe ter en conta pola súa propia seguridade, que sempre debe traballar baixando as proteccións posto que debe contemplar que un terceiro pode aparecer en escena durante a execución do traballo e proceder a enchufalo aparato sen darse conta. Debe traballar coa dilixencia dun bo padre de familia para evitar todo dano a si mesmo e a terceiros.

Á vista do acordado polo órgano de selección, sendo estimada parcialmente a reclamación presentada por Don Victor González Cortegoso, o criterio de corrección A da proba 1ª, modifícase no sentido de considerar ámbolos sentidos de colocación do picaporte como correctos.

En consecuencia, as puntuacións quedarán do seguinte modo:

PUNTUACIONES DESAGREGADAS SEGUNDO OS CRITERIOS DE VALORACIÓN:

ID	Pomo A	Pomo B	Pomo C	Pomo D	Pomo E	Bomba Recircul. A	Bomba Recircul. B	Bomba Recircul. C	Bomba Recircul. D	Bomba Electrica A	Bomba Electrica B	Bomba Electrica C	Bomba Electrica D	Bomba Electrica E
30552	SI	SI	NO	SI	SI	NO	NO	SI	NO	SI	SI	SI	SI	SI
33630	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/02/2024 13:45	Páxina 2 de 4
41450-220	CSV: A9A345-B3BHDF-8DBD2C-1HF5YE-3VYVMC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

31885	SI	SI	NO	SI	SI	NO	NO	NO	NO	SI	SI	SI	SI	SI
32441	SI	SI	NO	NO	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
30485	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
31818	SI	SI	SI	SI	SI	NO	NO	SI	NO	NO	NO	NO	NO	NO
32307	SI	SI	NO	NO	SI	NO	NO	NO	NO	SI	NO	NO	SI	NO
31741	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	NO	NO	SI	NO
31474	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI	NO	SI	SI
32374	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI
32796	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
32930	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI
32518	SI	SI	SI	SI	SI	NO	NO	SI	NO	SI	SI	NO	SI	SI
33285	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	NO	SI	SI	SI	NO	SI
33496	SI	SI	SI	SI	SI	NO	NO	NO	NO	SI	SI	NO	NO	SI
32352	SI	SI	SI	NO	SI	NO	NO	SI	NO	SI	NO	NO	NO	NO
33429	SI	SI	SI	NO	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	NO	NO	NO
33007	SI	SI	SI	NO	SI	NO	NO	SI	NO	SI	NO	NO	NO	NO
33218	SI	SI	SI	NO	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI
30763	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI
32792	SI	SI	SI	SI	NO	SI	SI	SI	SI	SI	NO	NO	NO	NO
30207	SI	SI	SI	NO	SI	SI	NO	SI	NO	SI	NO	SI	NO	NO

ID DO ASPIRANTE / NOME E APELIDOS / NÚMERO RESULTANTE DO SORTEO REALIZADO PARA DETERMINALO ORDEN DE REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA	PUNTUACIÓN TOTAL 2º EXERCICIO
30552 / Juan Miguel Iglesias Peixoto	1º 5,5
33630 / Javier Sánchez Figueroa	2º 9
31885 / David Irago Abalde	3º 5
32441 / Borja Argibay Cusi	5º 9,25
30485 / Rubén Guisande Alonso	6º 10
31818 / Daniel López Davila	7º Non apto (3)
32307 / Gonzalo Rodríguez Fernández	8º Non apto (2,75)
31741 / Manuel Dasilva Rivas	9º 6
31474 / Eloy Lugo Prado	10º 7,5
32374 / Emilio Reche Melchor	11º 9,5
32796 / Jose Luis Silva Pereira <small>(Quenda discapacidade)</small>	12º 10
32930 / Antonio García Recamán	13º 10
32518 / Daniel Balseiro Rodríguez	14º 5,5
33285 / Oscar Carnero Campos	15º 7
33496 / Jesús Fajardo Fariñas	16º Non apto 4,5
32352 / Andrea Costas Vázquez	17º Non apto
33429 / Ángela Cortegoso Salgado	18º 7,25
33007 / Brais Calles Alonso	19º Non apto 3,25



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/02/2024 13:45	Páxina 3 de 4
41450-220	CSV: A9A345-B3BHDF-8DBD2C-1HF5YE-3VYVMC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

33218 / Laureano Álvarez Pérez	21º	9,25
30763 / Victor González Cortegoso	22º	9,5
32729 / Jose Carlos Gago Corral	23º	6,5
30207 / Oscar Ballesteros Vázquez	24º	Non apto (4,25)

O presente acordo publicarase e notificarase ao reclamante, con indicación da presentación de recurso de alzada conforme ás bases. Contra a desestimación parcial da reclamación poderase interpoñer recurso de alzada perante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación (Base 17ª das xerais INCIDENCIAS).

Sendo as 11:00 horas, o Sr. Presidente dá por rematada a sesión. Do que eu, Secretaria, dou fe, co visto e prace do Presidente.

Data e sinatura dixital.

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.



Vigo, 23 Febreiro 2024
 El Secretario General
 P.A.
 El Jefe del Registro General

Xosé Manuel

ASDO. X. VICENTE COMESAÑA TRIGO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/02/2024 13:45	Páxina 4 de 4
41450-220	CSV: A9A345-B3BHDF-8DBD2C-1HF5YE-3VYVMC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		